



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO E DE FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS CON MOTIVO DAS FESTIVIDADES DE SEMANA SANTA E PASCUA 2026.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. Tendo en conta que o artigo 5 apartado f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos y actividades recreativas refire que corresponde aos Concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da mesma lei.

Segundo. O artigo 8 da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas refire:

Artigo 8. Modificacións de horarios

1. De acordo co artigo 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os horarios xerais poderán ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 desta orde.

2. Corresponderalles aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

E o artigo 9 da mesma Orde refire no seu apartado primeiro que os Concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Conforme o apartado terceiro do mesmo artigo, entenderase por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos. En canto ás festas populares, a Pascua de Padrón dura ata o denominado domingo de Pasquilla, que este ano coincide o 12 de abril.

E conforme o apartado cuarto do mesmo artigo, as ampliacións de horario non poderán superar en dúas horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Terceiro. Considerando o disposto polo artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro. Ampliar con carácter xeral para todo o termo municipal os horarios de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización das actividades recreativas e espectáculos públicos durante as festividades de Semana Santa e Pascua 2026, en concreto dende o 29 de marzo de 2026 ata o 12 abril de 2026, ambos inclusive.

Segundo. Amplíanse os horarios referidos en dúas (2) horas sobre o horario xeral de peche ordinario.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Cuarto. Publicar a presente resolución na páxina web do Concello e emitir un bando co contido da mesma para o seu público coñecemento, así coma dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se convoque.

O Alcalde,

(documento asinado dixitalmente)

asdo: Anxo Rei Arca